

LAUDO ARBITRAL (BOP Nº 133 - Jueves 10 julio 2008)

Visto o texto do laudo arbitral sobre o conflito plantexado no sector de LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 10-06-2008, suscrito, e de conformidade co disposto no art. 90, 2 e 3, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, artigo 2.f) do Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, artigo 24.4 do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial, ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación, no "Boletín Oficial" da provincia.

JOSE Mª CASAS DE RON, designado árbitro por acta de constitución de arbitraje prevista no artigo 20 do Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA) de data 19 de maio de 2008, no conflito xurdido sobre a interpretación da cláusula segunda do preacordo colectivo na negociación do convenio colectivo provincial do sector de limpeza de edificios e locais de Pontevedra, de data 09.05.08, resolve o asunto plantexado ditando o seguinte laudo, baseándose nos seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro.-En data 9 de maio de 2008, asinouse preacordo, en acta de mediación na que actuaron como mediador o asinante e a Inspectora Dª Ana Pouso Lijó, cunha cláusula segunda cuxa dicción literal é: "2.- Se establece un plus acordó convenio, nas seguintes cuantías; de carácter salarial ordinario e cotizable, e lineal para todas as categorías.

2008: 30 euros por 15 pagas.

2009: 35 euros por 15 pagas.

2010: 40 euros por 15 pagas.

2011: 45 euros por 15 pagas."

Segundo.-Producidas diferencias na valoración ou interpretación da anterior cláusula, plantéxase un dictamen dirimente que aclare a cuestión segundo compromiso arbitral, asinado en data 19.05.08 por parte, dunha banda, de D. Manuel Lago Andrés, en representación ASPEL, D. Adolfo González González, en representación de AELPO, e D. Manuel Vigo Giraldo, como asesor; e por outra banda, D. Jorge Sánchez Bastos, en representación de CCOO, Dª Mª do Tránsito Fernández Fernández, en nome da CIG, e Dª Rosa Acuña Salgado, en representación de UGT, na que se somete a cuestión do procedemento a interpretación da cláusula salarial de aumento para os anos 2008-2011, referido ós conceptos a incluír como salario base.

Terceiro.-O actuante entende perfectamente garantidos os principios de igualdade e contradicción, e está totalmente informado das posicións das partes e das súas diferencias, e considérase totalmente ilustrado sobre o problema plantexado, dada a súa intervención na mediación xa citada.

Pois ben, os anteriores presupostos, contidos nos puntos precedentes, son os que

serven a fin de decidir a solución neste conflito derivado da negociación ordinaria do convenio colectivo nos aspectos materiais anteditos.

FUNDAMENTOS DA RESOLUCIÓN

A cuestión que se plantexa ó dictamen é o carácter e natureza das cuantías establecidas no citado punto 2 do preacordo colectivo alcanzado polas partes o 9 de maio. As regras que teñen que terse en conta a estes efectos son, por unha banda as de técnica xurídica derivadas da propia normativa do Código Civil, e por outra o propio coñecemento da situación que o actuante ten e tivo pola propia presenza no conflito.

Faise constar que o árbitro somentes pode entrar a dirimir a única cuestión que as partes someten a arbitraje como é o carácter e natureza do denominado plus acordo convenio, non podendo intervir sobre calqueira outro concepto salarial con capacidade decisoria; dícese isto polas observacións que a parte empresarial fai sobre os custos xerais do acordo, e tamén sen perxuízo do contido establecido no artigo 85.3 do RD Legislativo 1/95, de 24 de marzo, que aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballores.

A primeira premisa que hai que fixar é que a cláusula debe ter, en primeiro lugar, una interpretación literal, e evidentemente estamos ante un concepto salarial, de carácter ordinario, cotizable, e lineal para todos os traballadores con independencia da súa categoría. En segundo lugar, e xa o abeiro dunha interpretación sistemática do contido económico, que encadre o significado da cláusula 2 citada, temos establecida na cláusula 3 unha paga de outubro, pero na que se explicita a cuantía pero para cada un dos respectivos anos de vixencia, concepto salarial que ten a súa propia cláusula e diferente na contida no punto 2 do acordo. En terceiro lugar, e tamén dentro desta interpretación sistemática, para os pluses de transporte e de asistencia, que teñen un tratamento diferenciado do resto de pluses e conceptos salariais ordinarios, así como para as horas extraordinarias, establécese para os anos de vixencia unha revisión salarial de incremento sobre o IPC real do ano anterior, a diferenza de que outros pluses, como toxicidade e nocturnidade que operan sobre a base do concepto retributivo básico ou ordinario, e que non están contemplados os efectos de revisión, tal como se fai para este anterior plus de transporte ou asistencia, ou para as horas extraordinarias, entendéndose esta cuestión si se lle da un determinado carácter o concepto salarial ordinario establecido na citada cláusula segunda do acordo, e que tamén ten tamén encaixe, observando a vixencia de 4 anos prevista no preacordo para o convenio, vixencia pactada ós efectos de repartir os costes motivados polo sistema salarial previsto.

Esta é a secuencia de elementos, que permiten esta interpretación sistemática, ademais da literal, segundo o establecido na citada cláusula segunda do preacordo. A isto hai que engadir a percepción propia dos mediadores sobre esta cuestión, obtida a través das trece horas de sesión negociadora continuada, que se manifesta no senso de que non houbo distinción acreditada e perceptible de xeito indubitado na materia, polo que teñen que terse en conta dous principios; o primeiro, e por analogía aplicativa, de que no que na norma non se di, non se pode obter cousa diferente, e por outra banda, que nas táboas salariais da negociación colectiva en xeral e comúnmente empregadas nos acordos, os incrementos que se pactan para un ano son, de xeito automático, tidos en conta no ano seguinte, como sumandos para as revisións salariais, e que o caso contrario, ten que ser explicitado e expresado de xeito indubitado e preciso no propio texto ou acordo colectivo. E decir, a negociación colectiva ordinaria en xeral, e de xeito común, os salarios consolidados nun ano sirven de referencia para aplicar a subida salarial prevista nos anos seguintes. E decir, na cláusula segunda estase a falar dunha subida de convenio, baixo a denominación de plus acordo convenio, de carácter salarial ordinario, por suposto colectivo, e cunha característica propia no acordo, que pode inducir a certa confusión como é que son subidas lineais para todas as categorías, e decir, que os traballadores perciben estas subidas en idéntica cuantía, sexa cal sexa a categoría ostentada, pero non decindo en ningún caso, que sexan conceptos específicos para os respectivos anos de vixencia e sen incorporar a técnica acumulativa que a negociación colectiva ten de común nas materias retributivas.

PARTE DISPOSITIVA

En base a todos os anteriores antecedentes, dítase o seguinte laudo, de conformidade coas normas previstas no art. 20 e seguintes do Acordo Galego para a Solución Extraxudicial de Conflictos Colectivos de Traballo:

ÚNICO: O plus acordo convenio previsto na cláusula segunda do acordo colectivo asinado o día 9 de maio de 2008 para o convenio colectivo provincial de limpeza de edificios e locais de Pontevedra, polas representacións de ASPEL e AELPO, e polos representantes de UGT, CCOO e CIG, hai que entendelo como un concepto retributivo ordinario acumulativo que debe de incorporarse nas súas cuantías en cada ano a retribución ordinaria, e servir de base para as subidas e cálculo salarial dos anos sucesivos.

O presente laudo poderá recorrerse ante a xurisdicción social nos termos establecidos no apartado 5º do artigo 24 do AGA.

Dado en Vigo, a 21 de maio de 2008.-O árbitro, José Mª Casas de Ron

En Vigo, sendo as 6 horas e 55 minutos do día 9 de maio de 2008, reunida a comisión de mediación, seguida no conflito de negociación do Convenio Colectivo Provincial de Limpeza de Edificios e Locais, as partes, de unha banda polos empresarios D.

Adolfo González González (AELPO) e o asesor D.

Manuel Vigo Giraldo, e D. Manuel Lago Andrés e D.

Rafael Bustos Avia (ASPEL) e da outra, os representantes dos traballadores - Comité de Folga: Por UGT D. Jesús Fernández Rodríguez, e Dª. Amparo Varela Gutiérrez, e a asesora Dª Rosa Acuña Salgado; por CC.OO. Dª Rosa Avendaño , D. Carlos Rodríguez Cortés e o asesor D. Jorge Sánchez Bastos e pola CIG D. Enrique Bravo Lago, Dª. Ana Paula da Silva Machado, e a asesora Dª Mª do Tránsito Fernández Fernández, chegan ó seguinte Preacordo, no trámite de mediación, actuando como mediadores D. José Mª Casas de Ron e Dª Ana Pouso Lijó:

Cláusulas do Preacordo

A vixencia do convenio colectivo será para os próximos 4 anos, rematando a súa vixencia o 31 de Decembro de 2011.

Se establece un plus acordo convenio, nas seguintes cuantías; de carácter salarial ordinario e cotizable, e lineal para todas as categorías:

2008: 30 euros por 15 pagas

2009: 35 euros por 15 pagas

2010: 40 euros por 15 pagas

2011: 45 euros por 15 pagas

Se establece unha nova paga aboable no mes de outubro, de carácter anual nas seguintes cuantías para os respectivos anos de vixencia:

2008: 60 euros

2009: 200 euros

2010: 400 euros

2011: 760 euros

O plus de transporte e o plus de asistencia terán un incremento para os anos de vixencia do convenio do IPC real do ano anterior. Idéntico tratamento terán as horas extraordinarias.

As vacacións serán de un mes natural.

Se establece un día de libre disposición en cada ano. O réxime de disfrute regularase polas parte segundo a comisión que se usa aos efectos de redacción do convenio.

Completados polos traballadores e traballadoras os actuais trienios en curso, adquirirán tales dereitos económicos como condición "ad personam". A continuación o persoal devengará a antigüidade por quinquenios, conforme as cuantías dos actuais trienios.

O resto de asuntos, sin incidencia económica directa resolveranse por unha comisión formada por dous membros de cada sindicato firmante e dous membros da representación empresarial. En caso de non chegar a acordo en algunha das materias acudirán ao

procedemento arbitral do AGA, nomeando árbitro a estes efectos a José M^a Casas de Ron.

Con este Preacordo queda desconvocada a Folga prevista a partires das 6 horas do día 12 de maio de 2008.

En proba de conformidade firman as persoas reunidas ao principio, sendo as 7 horas e 25 minutos, mencer do día sinalado no encabezamento, asinando así mesmo os dous mediadores tamén consignados.

Vigo, 23 de xuño de 2008.-O delegado provincial, Pedro Borrajo Rivas.